

Ciencias Chronicle

[FREE] | Martes, 29 de xaneiro de 2019

[IMPRESO EN MADEIRA PEFC] [CIENCIAS.UDC.ES/BIBLIOTECA]

UNESCO proclama o 2019 Ano Internacional da Táboa Periódica dos Elementos


A celebración dun Ano Internacional da Táboa Periódica dos Elementos Químicos en 2019 será unha forma de recoñecer a función crucial que desempeñan as

ciencias fundamentais, e especialmente a Química e a Física, á hora de achegar solucións a moitos dos desafíos aos que nos enfrontamos neste século XXI.

Unha exposición bibliográfica para conmemorar este 2019

Trátase dunha selección de libros e outros materiais relacionados co Ano Internacional da Táboa Periódica

Seguindo coa tradición instaurada hai uns anos, a Biblioteca da Facultade de Ciencias exporá parte dos seus fondos para participar na celebración do IYPT. A exposición, que virá acompañada doutras iniciativas, estará situada na entrada da biblioteca durante os próximos meses.



Instagram na Biblioteca?

O persoal da Biblioteca da Facultade de Ciencias está valorando a posibilidade de crear un perfil en IG para que o centro teña presenza nesta rede social. «Queremos ser modernos. Xa no seu tempo non tivemos Tuenti, porque tiñamos entre treinti e cincuenti e non nos pareceu coherente. Pero agora que Instagram lo está petando, por que non?», sinalan. Cabe lembrar que a Biblioteca xa está presente en redes como Facebook ou Twitter.

Presentan a Guía dos elementos que...
propiedades...
unha obra...
supón «a p...
de denomin...
zada e ofici...
dos element...
galego»

guía
biblio-
gráfica

lo de construción da táboa a xigante da asociación de es UDCBigBang continúa

non si, instálase entre persoal e estudantado da...
cias. «Rome wasn't built in a day», declaran...
responsables do proxecto.



Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Presentación	2
2019 Ano Internacional da Táboa Periódica dos Elementos Químicos (IYPT2019)	2
Un pouco de historia.....	3
Fitos máis importantes na historia da Táboa Periódica	4
Curiosidades	7
Elementos descubertos por científicos españois	7
Elementos descubertos por mulleres	7
Modelos de Táboas Periódicas	7
A exposición.....	11
Os carteis.....	11
Selección do material	12
Exposición presencial.....	13
Exposición virtual.....	17
Guía bibliográfica.....	18
Recursos na rede	32
Bibliografía sobre diseño de la tabla periódica.....	32
Bibliografía sobre recursos web.....	32
Redes sociais	34

“O recoñecemento da importancia da Química e os avances na investigación, e os descubrimentos relacionados coa Táboa Periódica dos Elementos Químicos para o desenvolvemento sostible e o ben da humanidade”: este é un dos motivos polos que a Asemblea Xeral das Nacións Unidas e a UNESCO declararon 2019 o *Ano Internacional da Táboa Periódica de Elementos Químicos* (IYPT2019).

A conmemoración coincide co 150 aniversario do descubrimento do Sistema Periódico por Dimitry Mendeléiev en 1869.

A Biblioteca da Facultade de Ciencias quere sumarse a este importante evento, aproveitando a inauguración oficial do IYPT2019 en París o 29 de xaneiro cunha exposición bibliográfica dos fondos que sobre a Táboa Periódica temos na Biblioteca, pero tamén sobre os elementos que a compoñen.

...a Táboa periódica é un dos logros máis significativos da ciencia, xa que captura a esencia, non só da Química, se non tamén da Física e da Bioloxía...

...é unha ferramenta única, que permite aos científicos predicir o aspecto e as propiedades da materia na Terra e no resto do Universo...


[Declaración do 2019 como Ano Internacional da Táboa Periódica de Elementos](#)

2019 Ano Internacional da Táboa Periódica dos Elementos Químicos (IYPT2019)

O 20 de decembro de 2017, durante a súa 74ª Reunión Plenaria, a 72ª Sesión da Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou 2019 como o *Ano Internacional da Táboa Periódica de Elementos Químicos* (IYPT2019).

A conmemoración coincide co aniversario de fitos importantes na historia da Táboa Periódica:

- O 150 aniversario do descubrimento do Sistema Periódico por Dimitry Mendeléiev en 1869. Neste ano presentou unha táboa periódica na que reunía todos os elementos químicos coñecidos e deixaba espazos para os que estaban por descubrir.



Táboa Periódica manuscrita e o seu autor, Mendeléiev. Fuente: Arquivo/Wiki

- O illamento do arsénico e o antimonio por Jabir ibn Hayyan fai uns 1200 años.
- O descubrimento do fósforo fai 350 años.
- A publicación dunha listaxe de 33 elementos químicos clasificados en gases, metais, non metais, e térreos por Lavoisier en 1789.
- O descubrimento da *Lei das Tríadas* por Döbereiner en 1829.
- O descubrimento do francio por Marguerite Perey en 1939.

Doutra banda, o IYPT2019 coincidirá co centenario da IUPAC U (*Unión Internacional de Química Pura e Aplicada*). Deste xeito, ambos os dous eventos contribuirán a mellorar a comprensión e valoración da Táboa Periódica e da Química no seu conxunto.

Un pouco de historia

Un **elemento químico** é a parte da materia constituída por átomos da mesma clase e que non pode ser descomposta noutras máis simples mediante unha reacción química. Calquera ser, vivo ou inerte, está constituído por elementos químicos.

Ata agora descubríronse e confirmáronse 118 elementos químicos. Os catros últimos son o **nihonio**, o **moscovio**, o **téneso** e o **ganesón**.


A **Táboa Periódica** dos elementos é unha disposición dos elementos químicos en forma de táboa, ordenados polo seu número atómico (número de protóns), pola súa configuración de electróns e polas súas propiedades químicas. Este ordenamento amosa tendencias periódicas, como elementos con comportamento similar na mesma

columna. Trátase dunha ferramenta única, que lles permite aos científicos predicir a aparencia e as propiedades da materia na Terra e o resto do universo. A táboa periódica transcende a outras disciplinas, como a Física e a Bioloxía, e converteuse nunha icona da ciencia e da cultura.

Fitos máis importantes na historia da Táboa Periódica

Antigüidade clásica: a historia da táboa periódica iníciase coa pregunta: de que está feita a materia? Tales de Mileto cría que todo estaba constituído por auga. Empédocles cría que todo estaba constituído por aire, lume, terra e auga. Aristóteles tiña a mesma teoría que Empédocles, pero agregou as propiedades de quente, frío, seco e húmido.

S.VIII: Geber engadiu dous novos elementos: o mercurio e o xofre, e dicía que a combinación de ambos os dous era a orixe de todo.



Táboa Periódica de Empédocles: Earth, Fire, Air and Water. Fuente: @BigVanCiencia.

Antoine Lavoisier (1743-1794): elaborou unha listaxe de 33 elementos coñecidos ata ese momento. Eran representacións nunha soa dimensión, a diferenza dos os actuais, que se presentan en dúas ou tres dimensións con filas e columnas ordenadas que permiten localizar todos os elementos coñecidos e os que aínda se descubrirán.

Jöns Jacob Berzelius (1779-1848): foi un químico sueco. Ideou o moderno sistema de notación química, e xunto con John Dalton, Antoine Lavoisier, e Robert Boyle, é considerado o pai da química moderna.

Descubriu o torio, o cerio e o selenio e foi o primeiro en illar o circonio, o silicio e o titanio. Tamén perfeccionou a táboa dos pesos atómicos dos elementos publicada por Dalton, corrixindo os seus erros.

William Prout (1785-1850): A súa principal aportación científica foi a coñecida como *Hipótese de Prout*: a comezos do século XIX intentaba explicar a existencia de varios elementos químicos a través dunha hipótese sobre a estrutura interna do átomo. En 1815 e 1816, publicou dous artigos no que observaba que o peso atómico que fora establecido para os elementos coñecidos ata o momento parecía ser un múltiplo absoluto do peso atómico do hidróxeno.

Johann W. Dobereiner (1780-1849): Foi un químico alemán. Descubriu que os elementos con propiedades semellantes poden agruparse en ternas ou tríadas, nas que o elemento central ten unha masa atómica igual a media aritmética das masas atómicas dos outros dous.

Alexandre-Emile Béguyer de Chancourtois (1820-1886) e John Alexandre Reina Newlands (1837-1898): Béguyer de Chancourtois foi un químico francés, e Reina Newlands foi un químico inglés. Entre 1862 e 1868 enunciaron a *Lei das oitavas*, que di que se se clasificaban os elementos segundo a orde crecente das súas masas atómicas (agás o hidróxeno), despois de sete elementos, no oitavo repetíanse as propiedades do primeiro. Chamouse *Lei das Oitavas* porque a distribución dos elementos é semellante a da escala musical.

Dimitrilvanovich Mendeléiev (1834-1907): Foi un químico ruso. En 1869 organizou os 63 elementos coñecidos por orde crecente de masa atómica. Deseñou un cadro composto por 7 filas (períodos) e 8 columnas.

Os elementos da fila vertical chamoulles familias, por ter propiedades semellantes.

Mendeléiev previu as propiedades químicas e físicas de tres elementos que se descubrirían anos máis tarde: o escandio, o galio e o xermanio.

A táboa Periódica de Mendeléiev. Fuente: Ecu.red.

Na organización da táboa periódica (Mendeléiev chamoulle “Lei periódica dos Elementos”), deixou os espazos suficientes para elementos que se descubrirían nun futuro.

Julius Lothar Meyer (1830- 1895): Foi un químico alemán, contemporáneo de Dimitri Mendeléiev. Construíu un gráfico de periodicidade do volume atómico versus masa atómica, no que indicaba que as relacións entre as propiedades dos elementos son periódicas con respecto a masa atómica. Publicou o seu traballo en 1870.

Henry Gwyn Jeffreys Moseley (1887-1915): Foi un físico e químico inglés. A súa principal contribución á ciencia foi a xustificación cuantitativa do concepto de número atómico mediante a *Lei de Moseley*: é una lei empírica que establece unha relación sistemática entre a lonxitude de onda dos RaiosX emitidos por distintos átomos co seu número atómico. Tivo unha grande importancia histórica, xa que ata ese momento, o número atómico era só o lugar que ocupaba un elemento na táboa periódica. O dito lugar fora asociado a cada elemento dun xeito semi-arbitrario por Mendeléiev e estaba relacionado cuantitativamente coas propiedades dos elementos e as súas masas atómicas.

A mediados do século XIX xa se coñecían 63 elementos, pero os químicos non se poñían de acordo sobre a terminoloxía e como ordenalos. Para resolver estas cuestión organizouse en 1860 o primeiro Congreso Internacional de Químicos en Karlsruhe (Alemaña), unha reunión que sería transcendental.

Neste Congreso **Stanislao Cannizzaro** estableceu de forma clara o concepto de peso atómico (masa atómica relativa dun elemento), no que se inspirarían tres mozos participantes no congreso: **William Odling**, **Julius Lothar Meyer** e **Dmitri Ivánovich Mendeléiev**, para crear as primeiras táboas.

A de Mendeléiev foi a máis rompedora ao facer predicións e deixar ocos de elementos que se descubrirían despois, como o galio (1875), o escandio (1879) e o xermanio (1887). Para algúns autores, a versión definitiva da táboa conseguiuase grazas á lei periódica que presentou **Henry Moseley** a comezos do século XX.

Os últimos cambios importantes na táboa periódica foron o resultado dos traballos de **Glenn Seaborg** a mediados do século XX. En 1940 comezou co descubrimento do plutonio e despois, o dos elementos transuránicos do 94 ao 102. Seaborg configurou de novo a táboa periódica poñendo a serie dos actínidos debaixo da serie dos lantánidos.

O 30 de decembro de 2015, a IUPAC recoñeceu oficialmente os elementos 113, 115, 117 e 118, completando a sétima fila da táboa periódica. E hai pouco tempo, o 28 de novembro de 2016, anunciáronse os nomes oficiais e símbolos dos últimos catro novos elementos aprobados ata o momento pola IUPAC (Nh, nihonio; Mc, moscovio; Ts, tenesio; e Og, oganesón).

Tabla periódica de los elementos

Original file: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Periodic_table-es.svg

Táboa periódica na actualidade. Fuente:
https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Periodic_table-es.svg

Finalmente, podemos mencionar o **unennio** ou **eka-francio**, e o nome temporal dun elemento químico da Táboa Periódica, aínda non sintetizado, o símbolo provisorio é Uue, e o seu número atómico 119. Descuberto polos científicos do laboratorio Nishina (Xapón), a súa aparencia física aínda non se coñece.

A Táboa Periódica está sempre suxeita a revisión, en espera de novos elementos...

Elementos descubertos por científicos españois

O **tungsteno** ou **wolframio** (W), o **platino** (Pt), e a **medias**, segundo os autores, o **vanadio** (V).

O tungsteno é o único elemento **illado en España**, un logro alcanzado en 1783 polos irmáns **Juan José e Fausto de Elhuyar** no Real Seminario de Vergara (Guipúzcoa).

Medio século antes, o naturalista e militar **Antonio de Ulloa e de la Torre Giral** descubrira o platino en América, na provincia de Esmeraldas (Ecuador), un prezado elemento que describiu en 1748.

Finalmente, en 1801 o científico hispano-mexicano **Andrés Manuel del Río Fernández** atopou o elemento 23 da táboa periódica nunha mina de chumbo mexicana. Chamouno **Eritronio** por tornarse avermellado ao quentarse e entregoulle unhas mostras ao seu amigo **Alexander von Humboldt** para que as analizase o químico francés **H. Victor Collet-Descotils**. Este, de xeito equivocado, respondeulle que era un composto de cromo, así que pensou que o seu descubrimento era erróneo.

En 1830, o químico sueco **Nils Gabriel Sefström** redescubriu o colorido elemento e denominouno **Vanadio** en honra á deusa da beleza Vanadis da mitoloxía escandinava. Pero o seu colega alemán Friedrich Wöhler confirmou que se trataba do mesmo elemento que xa atopara Del Río.

Elementos descubertos por mulleres

A máis coñecida é **Marie Curie**, científica polaca nacionalizada francesa que recibiu un premio Nobel en 1903 (de Física) e outro en 1911 (de Química) polo descubrimento do **radio** (Ra) e o **polonio** (Po).

As físicas austríacas **Berta Karlik e Lise Meitner** descubriron, respectivamente, o **astato** (At) e, en colaboración con outros investigadores, un isótopo do **protactinio** (Pa).

A química e física alemá **Ida Noddack** identificou o **renio** (Re) e a física francesa **Marguerite Perey** descubriu o **francio** (Fr).

Modelos de Táboas Periódicas

O mérito da súa creación outórgaselle a Dmitri Mendeléiev, que en 1869 escribiu en tarxetas todos os elementos coñecidos (63 ata ese momento) e despois organizounos en columnas e filas de acordo coas súas propiedades físicas e químicas.

ELEMENTS		
	Hydrogen	1
	Lithium	3
	Carbon	6
	Oxygen	7
	Phosphorus	9
	Sulfur	13
	Magnesium	24
	Zinc	28
	Potassium	37
	Strontium	41
	Barium	55
	Iron	56
	Copper	59
	Lead	90
	Silver	96
	Gold	98
	Platinum	195
	Mercury	196

o que xa existía
as propiedades dos

A xenialidade de Mendeléiev está no que deixou fóra da táboa. Recoñeceu que certos elementos non estaban presentes porque aínda non se descubriran. Así que Dalton e Newlands plasmaron o que xa existía, pero Mendeléiev deixou espazo para o descoñecido e predixo as propiedades dos elementos que faltaban.

		Ti = 50	Zr = 90	? = 180
		V = 51	Nb = 94	Ta = 182
		Cr = 52	Mo = 96	W = 186
		Mn = 55	Rh = 104,4	Pt = 197,4
		Fe = 56	Ru = 104,4	Ir = 198
	Ni =	Co = 59	Pd = 106,6	Os = 199
H = 1		Cu = 63,4	Ag = 108	Hg = 200
	Be = 9,4	Mg = 24	Zn = 65,2	Cd = 112
	B = 11	Al = 27,4	? = 68	Ur = 116
	C = 12	Si = 28	? = 70	Su = 118
	N = 14	P = 31	As = 75	Sb = 122
	O = 16	S = 32	Se = 79,4	Te = 128?
	F = 19	Cl = 35,5	Br = 80	J = 127
Li = 7	Na = 23	K = 39	Rb = 85,4	Cs = 133
		Ca = 40	Sr = 87,6	Ba = 137
		? = 45	Ce = 92	
		?Er = 56	La = 94	Tl = 204
		?Yt = 60	Di = 95	Pb = 207
		?In = 75,6	Th = 118?	

A Táboa de Dmitri Mendeléyev completa (sen os elementos aínda por descubrir. Fuente: Wikimedia Commons

A táboa de Mendeléiev non se parece moito a táboa que coñecemos, xa que a táboa periódica moderna contén elementos que pasou por alto e para os que non deixou espazo (gases nobles).

Doutra banda, a táboa do ruso ten unha organización diferente a actual na que se colocan elementos xuntos en columnas dispostas en filas.

Group	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
1	1 H																	2 He
2	3 Li	4 Be											5 B	6 C	7 N	8 O	9 F	10 Ne
3	11 Na	12 Mg											13 Al	14 Si	15 P	16 S	17 Cl	18 Ar
4	19 K	20 Ca	21 Sc	22 Ti	23 V	24 Cr	25 Mn	26 Fe	27 Co	28 Ni	29 Cu	30 Zn	31 Ga	32 Ge	33 As	34 Se	35 Br	36 Kr
5	37 Rb	38 Sr	39 Y	40 Zr	41 Nb	42 Mo	43 Tc	44 Ru	45 Rh	46 Pd	47 Ag	48 Cd	49 In	50 Sn	51 Sb	52 Te	53 I	54 Xe
6	55 Cs	56 Ba	57 La	72 Hf	73 Ta	74 W	75 Re	76 Os	77 Ir	78 Pt	79 Au	80 Hg	81 Tl	82 Pb	83 Bi	84 Po	85 At	86 Rn
7	87 Fr	88 Ra	89 Ac	104 Db	105 Sg	106 Sg	107 Bh	108 Hs	109 Mt	110 Ds	111 Rg	112 Cn	113 Nh	114 Fl	115 Mc	116 Lv	117 Ts	118 Og
				58 Ce	59 Pr	60 Nd	61 Pm	62 Sm	63 Eu	64 Gd	65 Tb	66 Dy	67 Ho	68 Er	69 Tm	70 Yb	71 Lu	
				90 Th	91 Pa	92 U	93 Np	94 Pu	95 Am	96 Cm	97 Bk	98 Cf	99 Es	100 Fm	101 Md	102 No	103 Lr	

Tabla periódica actual [OFFNF0PT/WIKIPEDIA](https://es.wikipedia.org/wiki/Tabla_peri%C3%B3dica_de_elementos)

Un exemplo salientable é a espiral de Heinrich Baumhauer, publicada en 1870, na que se coloca no centro o hidróxeno. Os elementos van recorrendo a espiral conforme a súa masa atómica aumenta e os que están en cada radio da roda comparten propiedades da mesma forma que o fan os elementos que se atopan na mesma columna (ou grupo) da táboa periódica moderna.

the 'dumb-bell' form due to Basset

No inicio do século XX a táboa adoptou o formato horizontal coa versión moderna que Heinrich Erner deseñou en 1905. Por primeira vez os gases nobres están situados na actual posición. Tamén deixou espazos en branco para os que aparecerán, pero ningún dos que aventurou apareceron.

...																	...
H																	...
Li																	Be B C N O F Ne
Na																	Mg Al Si P S Cl A
K	Ca															Sc Ti V Cr Mn Fe Co Ni Cu Zn Ga Ge As Se Br Kr	
Rb	Sr															Y Zr Nb Mo ... Ru Rh Pd Ag Cd In Sn Sb Te J Xe	
Cs	Ba La Ce Nd Pr ... Sa Eu Gd Tb Ho Er Tu Y ... Ta W ... Os Ir Pt Au Hg Tl Pb Bi ...																
...	Ra Laa Th U Ac															Pba Bba Tba	

9

É preciso mencionar a modificación feita por Charles Janet como a máis influínte. Adoptando un enfoque físico, empregou unha teoría cuántica, recentemente descuberta, para crear un deseño baseado na configuración de electróns. O resultado foi unha táboa organizada gradualmente pola esquerda. Deixou espazo para 120 elementos máis...

Left-step periodic table (by Charles Janet)

Tabla ampliada escalonada por la izquierda de Charles Janet WIKIPEDIA, CC BY-SA

A táboa moderna é unha evolución directa da versión de Janet. Os metais alcalinos e os alcalinotérroos desprazáronse dende o extremo dereito ata o esquerdo, creando unha táboa periódica moi alongada. O problema deste formato é que non encaixa nunha páxina ou nun póster, polo que, debido a razóns estéticas, os elementos do bloque f habitualmente recórtanse e deposítanse debaixo da táboa principal. Deste xeito chegamos a táboa que coñecemos na actualidade.

Non obstante, experimentouse con outros posibles deseños, a miúdo coma un intento para remarcar as correlacións entre elementos que non resultan evidentes na táboa convencional.

Existen centos de variacións, pero as máis populares son as de forma en espiral ou en 3D.





Tabla espiral de Theodor Benfey's (1964) DEPIEP / WIKIMEDIA COMMONS, CC BY-SA







FIGURE 21.—EMERSON'S HELIX



Versión en 3D con forma de flor de la tabla de Mendeléyev ТИМОХОВА ОЛЬГА/WIKIPEDIA, CC BY-SA

A exposición

Os carteis

Cando pensamos no deseño do **cartel** puxemos un requisito indispensable: fuxir de lugares comúns. Isto que é algo que perseguimos en toda a traxectoria carteleira, pero que non sempre logramos.

Ano Internacional da Táboa Periódica dos Elementos Químicos? Pois evitemos que o peso recaia sobre a táboa pensada por Mendéleiev. Sinxelo?

Baseámolo todo no sentido do humor, algo arriscado e que, dende logo, non sempre funciona. Táboa periódica. Dúas palabras. Ben: faremos un xeroglífico. Unha madeira que sexa ao mesmo tempo un xornal. Unha táboa periódica.

Naceu así a portada do primeiro, e probablemente único, número do *Ciencias Chronicle*: un xornal tallado sobre unha lámina de madeira PEFC. O número está



dedicado, como non podía ser doutro xeito, á conmemoración do IYPT, con especial atención á exposición que terá lugar nestes meses na nosa biblioteca.

E non só iso, senón que incorpora ademais un código QR para facilitar a descarga, desde dispositivos móbiles, da guía bibliográfica que vertebra esta mostra.

Ademais do cartel deseñamos uns **marcapáxinas** que repartiremos entre os nosos usuarios e que nos lembrarán a exposición.



Selección do material

Para seleccionar o material que se expón nesta exposición bibliográfica pensamos non só en buscar libros ou outros materiais que falaran da táboa periódica, da súa historia, características, etc. Tamén pensamos en buscar libros que aportaran información sobre os elementos químicos, pensando que o que se celebra é a Táboa Periódica dos Elementos Químicos.

Ademais de seleccionar fondos desta biblioteca solicitamos a colaboración con outras bibliotecas desta universidade, que nos cederon algún dos interesantes libros que se mostran.

Exposición presencial

Ademais do material bibliográfico seleccionado para a exposición elaboramos outros materiais que estarán localizados na **vitrina** da Biblioteca. Son carteis con información sobre os científicos máis representativos na evolución da creación da táboa periódica. Estes carteis conteñen información concreta sobre a súa aportación científica para conseguir que a táboa periódica chegara a nós como a coñecemos.




ANTOINE LAVOISIER 1743-1794

Foi un químico, biólogo e economista francés. Fixo unha listaxe dos 33 elementos coñecidos ata ese momento. Eran representacións nunha dimensión, a diferenza dos actuais, que se presentan en dúas ou tres dimensións con filas e columnas colocadas de xeito que permiten localizar todos os elementos coñecidos e os que aínda non se descubriron.



JÖNS JACOB BERZELIUS 1779-1848

Foi un químico sueco. Ideou o novo sistema de notación química, e xunto con John Dalton, Antoine Lavoisier, e Robert Boyle, é considerado o pai da química moderna. Descubriu o Torio, o Cerio e o Selenio, e foi o primeiro en illar o Circonio, o Silicio e o Titanio. Tamén perfeccionou a táboa dos pesos atómicos dos elementos publicada por Dalton, corrixindo os seus erros.



WILLIAM PROUT
1785-1850

Foi un químico, físico e teólogo inglés. Membro da Royal Society, a súa principal aportación científica foi a coñecida como "Hipótese de Prout": a comezos do século XIX intentaba explicar a existencia de varios elementos químicos a través de unha hipótese sobre a estrutura interna do átomo. En 1815 e 1816, William Prout publicou dous artigos nos que observaba que o peso atómico que fora establecido para os elementos coñecidos ata o momento parecía ser un múltiplo absoluto do peso atómico do Hidróxeno

**JOHANN WOLFGANG
DÖBEREINER**
1780-1849

Foi un químico alemán. Descubriu que os elementos con propiedades semellantes poden agruparse en ternas ou tríadas, nas que o elemento central ten unha masa atómica igual a media aritmética das masas atómicas dos outros dous




**ALEXANDRE-EMILE BÉGUYER DE
CHANCOURTOIR**
1820-1866
E
JOHN ALEXANDER REINA NEWLANDS
1837-1898



Béguyer de Chancourtoir foi un químico francés, e Reina Newlands foi un químico inglés. Entre 1862 e 1866 enunciaron a "Lei das oitavas", que di que se se clasificaban os elementos segundo a orde crecente das súas masas atómicas (agás o Hidróxeno), despois de sete elementos, no oitavo repetíanse as propiedades do primeiro. Chamouse "Lei das Oitavas" porque a distribución dos elementos é semellante a da escala musical.

DIMITRI MENDELÉIEV 1834-1907

Foi un químico ruso. En 1869 organizou os 63 elementos coñecidos por orde crecente de masa atómica. Deseñou un cadro composto por 7 filas (períodos) e 8 columnas. Os elementos da fila vertical chamoulles familias, por ter propiedades semellantes. Mendeleiev previu as propiedades químicas e físicas de tres elementos que se descubriron anos máis tarde: o Escandio, o Galio e Xermanio. Na organización da táboa periódica (Mendeleiev chamoulle "Lei periódica dos Elementos"), deixou os espazos suficientes para elementos que se descubriron nun futuro.



JULIUS LOTHAR MEYER 1830-1895

Foi un químico alemán, contemporáneo de Dimitri Mendeleiev. Construíu un gráfico de periodicidade do volume atómico versus masa atómica, no que indicaba que as relacións entre as propiedades dos elementos son periódicas con respecto a masa atómica. Publicou o seu traballo en 1870.



HENRY MOSELEY 1887-1915

Foi un físico e químico inglés. A súa principal contribución á ciencia foi a xustificación cuantitativa do concepto de número atómico mediante a "Lei de Moseley": é una lei empírica que establece unha relación sistemática entre a lonxitude de onda dos Raios X emitidos por distintos átomos co seu número atómico. Tivo unha grande importancia histórica, xa que ata ese momento, o número atómico era só o lugar que ocupaba un elemento na táboa periódica. O dito lugar fora asociado a cada elemento dun xeito semi-arbitrario por Mendeleiev e estaba relacionado cuantitativamente coas propiedades dos elementos e as súas masas atómicas.



Expoñemos tamén na vitrina da Biblioteca 3 imáxenes de Táboas Periódicas que representan a súa historia:

- A figura que representa a Táboa de Empédocles que pensaba que o mundo está constituído por catro principios: auga, aire, lume e terra.
- A Táboa Periódica de Mendeléiev. En 1869 publicou o seu *libro Principios de Química*, no que desenvolvía a lei e deseñaba a Táboa Periódica.
- A Táboa Periódica na actualidade, cos últimos elementos descubertos

Finalmente, elaborouse tamén, como complemento, unha infografía na que se expón un resumo da cronoloxía da táboa periódica.



Exposición virtual


Todo o material seleccionado poderase consultar na web da Biblioteca da Facultade. Ademais, na exposición virtual poderá consultarse a guía da exposición na que se inclúe información sobre os materiais expostos, información sobre a conmemoración que se celebra, e unha interesante selección de recursos que podemos atopar na rede sobre a temática da exposición.

As dúas partes da actividade, a exposición presencial e a virtual, quedan vertebradas en torno a guía bibliográfica, sendo ademais a base sobre a que xiran as dúas exposicións, e que ten a mesma estrutura que a exposición virtual:

- Presentación
- Ano Internacional da Táboa Periódica dos Elementos Químicos
- Un pouco de historia
- A exposición
- Guía bibliográfica
- Recursos na rede


A exposición virtual compretarase cunha selección de imáxenes da exposición bibliográfica e da vitrina.

Outra actividade que está desenvolvendo esta Biblioteca relacionado co 2019 IYTP está relacionado co noso [Facebook](#), pois periódicamente incluimos post relacionados coa Táboa Periódica ou cos elementos químicos, informando dos descubridores dos elementos ou doutras curiosidades relacionadas coa Táboa Periódica.




AUTOR	Asimov, Isaac.
TÍTULO	La búsqueda de los elementos
PUBLICACIÓN	Esplugues de Llobregat: Plaza & Janés, 1983
ISBN	84-01-33214-1
SIGNATURA	C9-449

En este libro, Isaac Asimov nos cuenta las investigaciones realizadas por el hombre durante 2.600 años para identificar la materia de que está compuesto el Universo. Desde Tales de Mileto hasta Seaborg, de California, de la alquimia al ciclotrón, desde la búsqueda del secreto de convertir el plomo en oro a la fabricación de los elementos artificiales. Entre todos los héroes que han luchado por poner al día nuestro saber acerca de los elementos, podemos citar a Lavoisier, a Mendeleiev, a los Curie... Pero también ocupan un destacado lugar los pensadores griegos; los alquimistas, con su piedra filosofal y sus elixires de larga vida; la magia en general



AUTOR	Greenwood, N.N.
TÍTULO	Chemistry of the elements
PUBLICACIÓN	Oxford [etc.]: Pergamon Press, 1997
ISBN	0-7506-3365-4
SIGNATURA	QI-95


